1. Identificación da programación

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15027307	Isidro Parga Pondal	Carballo	2019/2020

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
IFC	Informática e comunicacións	CSIFC01	Administración de sistemas informáticos en rede	Ciclos formativos de grao superior	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0381	Empresa e iniciativa emprendedora	2019/2020	3	53	63

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	SHAILA GUILLÍN PUÑAL
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

O desenvolvemento curricular deste módulo profesional toma como referencia o centro educativo IES "ISIDRO PARGA PONDAL" en Carballo, que cumpre as condicións establecidas pola L.O.E., Reais Decretos e demáis normativa reguladora de espazos, instalacións e alumnas/os.
Na vila de Carballo e o seu entorno atópanse varias empresas de servicios informáticos que acollen a meirande parte do alumnado do ciclo no módulo de Formación en Centros de Traballo onde é previsible que poidan desenvolver-la sua carreira profesional.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	A iniciativa emprendedora.		6	5
2	Empresa e sociedade.		6	5
3	O Plan de operacións.		9	10
4	O Marketing.		6	10
5	As obrigas fiscais.		3	10
6	A creación de empresas.		6	10
7	A Contabilidade de empresa.		9	15
8	A Financiación.		6	15
9	O Plan de empresa.		12	20

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	A iniciativa emprendedora.	6

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Desenvolve o seu espírito emprendedor identificando as capacidades asociadas a el e definindo ideas emprendedoras caracterizadas pola innovación e a creatividade.	SI

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Identificouse o concepto de innovación e a súa relación co progreso da sociedade e o aumento no benestar dos individuos.
CA1.2 Analizouse o concepto de cultura emprendedora e a súa importancia como dinamizador do mercado laboral e fonte de benestar social.
CA1.3 Valorouse a importancia da iniciativa individual, a creatividade, a formación, a responsabilidade e a colaboración como requisitos indispensables para ter éxito na actividade emprendedora.
CA1.4 Analizáronse as características das actividades emprendedoras no sector da informática e as comunicacións.
CA1.5 Valorouse o concepto de risco como elemento inevitable de toda actividade emprendedora.
CA1.6 Valoráronse ideas emprendedoras caracterizadas pola innovación, pola creatividade e pola súa factibilidade.
CA1.7 Decidiuse a partir das ideas emprendedoras unha determinada idea de negocio do ámbito da informática e as comunicacións, que ha servir de punto de partida para a elaboración do proxecto empresarial.
CA1.8 Analizouse a estrutura dun proxecto empresarial e valorouse a súa importancia como paso previo á creación dunha pequena empresa.

4.1.e) Contidos

Contidos
Innovación e desenvolvemento económico. Principais características da innovación na actividade de administración de sistemas informáticos (materiais, tecnoloxía, organización da produción, etc.).
A cultura emprendedora na Unión Europea, en España e en Galicia.
Factores clave das persoas emprendedoras: iniciativa, creatividade, formación, responsabilidade e colaboración.
A actuación das persoas emprendedoras no sector da informática e as comunicacións.
O risco como factor inherente á actividade emprendedora.
Valoración do traballo por conta propia como fonte de realización persoal e social.
Ideas emprendedoras: fontes de ideas, maduración e avaliación destas.
Proxecto empresarial: importancia e utilidade, estrutura e aplicación no ámbito da informática e as comunicacións.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Empresa e sociedade.	6

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Decide a oportunidade de creación dunha pequena empresa para o desenvolvemento da idea emprendedora, tras a análise da relación entre a empresa e o seu ámbito, do proceso produtivo, da organización dos recursos humanos e dos valores culturais e éticos.	NO

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Valorouse a importancia das pequenas e medianas empresas no tecido empresarial galego.
CA2.2 Analizouse o impacto ambiental da actividade empresarial e a necesidade de introducir criterios de sustentabilidade nos principios de actuación das empresas.
CA2.3 Identificáronse os principais compoñentes do ámbito xeral que rodea a empresa e, en especial, nos aspectos tecnolóxico, económico, social, ambiental, demográfico e cultural.
CA2.4 Apreciouse a influencia na actividade empresarial das relacións coa clientela, con provedores, coas administracións públicas, coas entidades financeiras e coa competencia como principais integrantes do ámbito específico.
CA2.5 Determináronse os elementos do ámbito xeral e específico dunha pequena ou mediana empresa de informática e comunicacións en función da súa posible localización.
CA2.6 Analizouse o fenómeno da responsabilidade social das empresas e a súa importancia como un elemento da estratexia empresarial.
CA2.7 Valorouse a importancia do balance social dunha empresa relacionada coa informática e as comunicacións e describíronse os principais custos sociais en que incorren estas empresas, así como os beneficios sociais que producen.
CA2.8 Identificáronse, en empresas de informática e comunicacións, prácticas que incorporen valores éticos e sociais.
CA2.9 Definíronse os obxectivos empresariais incorporando valores éticos e sociais.
CA2.10 Analizáronse os conceptos de cultura empresarial, e de comunicación e imaxe corporativas, así como a súa relación cos obxectivos empresariais.

4.2.e) Contidos

Contidos
A empresa como sistema: concepto, funcións e clasificacións. Análise do ámbito xeral dunha pequena ou mediana empresa de informática e comunicacións: aspectos tecnolóxico, económico, social, ambiental, demográfico e cultural. Análise do ámbito específico dunha pequena ou mediana empresa de informática e comunicacións: clientes, provedores, administracións públicas, entidades financeiras e competencia. Localización da empresa. Responsabilidade social da empresa e compromiso co desenvolvemento sustentable. Cultura empresarial, e comunicación e imaxe corporativas.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	O Plan de operacións.	9

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Decide a oportunidade de creación dunha pequena empresa para o desenvolvemento da idea emprendedora, tras a análise da relación entre a empresa e o seu ámbito, do proceso produtivo, da organización dos recursos humanos e dos valores culturais e éticos.	NO
RA4 - Realiza actividades de xestión administrativa e financeira básica dunha pequena ou mediana empresa, identifica as principais obrigas contables e fiscais, e formaliza a documentación.	NO

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.11 Describíronse as actividades e os procesos básicos que se realizan nunha empresa de informática e comunicacións, e delimitáronse as relacións de coordinación e dependencia dentro do sistema empresarial.
CA2.12 Elaborouse un plan de empresa que inclúa a idea de negocio, a localización, a organización do proceso produtivo e dos recursos necesarios, a responsabilidade social e o plan de márketing.
CA4.4 Formalizouse con corrección, mediante procesos informáticos, a documentación básica de carácter comercial e contable (notas de pedido, albarás, facturas, recibos, cheques, obrigas de pagamento e letras de cambio) para unha pequena e unha mediana empresa d

4.3.e) Contidos

Contidos
Actividades e procesos básicos na empresa. Organización dos recursos dispoñibles. Externalización de actividades da empresa. Descrición dos elementos e estratexias do plan de produción e do plan de márketing. Ciclo de xestión administrativa nunha empresa de informática e comunicacións: documentos administrativos e documentos de pagamento. Coidado na elaboración da documentación administrativo-financeira.

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	O Marketing.	6

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Decide a oportunidade de creación dunha pequena empresa para o desenvolvemento da idea emprendedora, tras a análise da relación entre a empresa e o seu ámbito, do proceso produtivo, da organización dos recursos humanos e dos valores culturais e éticos.	NO

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.12 Elaborouse un plan de empresa que inclúa a idea de negocio, a localización, a organización do proceso produtivo e dos recursos necesarios, a responsabilidade social e o plan de márketing.

4.4.e) Contidos

Contidos
Descrición dos elementos e estratexias do plan de produción e do plan de márketing.

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	As obrigas fiscais.	3

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Selecciona a forma xurídica tendo en conta as implicacións legais asociadas e o proceso para a súa constitución e posta en marcha.	NO
RA4 - Realiza actividades de xestión administrativa e financeira básica dunha pequena ou mediana empresa, identifica as principais obrigas contables e fiscais, e formaliza a documentación.	NO

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.5 Diferenciouse o tratamento fiscal establecido para cada forma xurídica de empresa.
CA4.3 Definíronse as obrigas fiscais (declaración censual, IAE, liquidacións trimestrais, resumes anuais, etc.) dunha pequena e dunha mediana empresa relacionadas coa informática e as comunicacións, e diferenciáronse os tipos de impostos no calendario fiscal (I

4.5.e) Contidos

Contidos
A fiscalidade da empresa como variable para a elección da forma xurídica. Plan de empresa: elección da forma xurídica, trámites administrativos, e xestión de axudas e subvencións. Obrigas fiscais dunha pequena e dunha mediana empresa.

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	A creación de empresas.	6

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Decide a oportunidade de creación dunha pequena empresa para o desenvolvemento da idea emprendedora, tras a análise da relación entre a empresa e o seu ámbito, do proceso produtivo, da organización dos recursos humanos e dos valores culturais e éticos.	NO
RA3 - Selecciona a forma xurídica tendo en conta as implicacións legais asociadas e o proceso para a súa constitución e posta en marcha.	NO

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Valorouse a importancia das pequenas e medianas empresas no tecido empresarial galego.
CA3.1 Analizouse o concepto de persoa empresaria, así como os requisitos que cómpren para desenvolver a actividade empresarial.
CA3.2 Analizáronse as formas xurídicas da empresa e determinándose as vantaxes e as desvantaxes de cada unha en relación coa súa idea de negocio.
CA3.3 Valorouse a importancia das empresas de economía social no sector da informática e as comunicacións.
CA3.4 Especificouse o grao de responsabilidade legal das persoas propietarias da empresa en función da forma xurídica elixida.
CA3.6 Identificáronse os trámites esixidos pola lexislación para a constitución dunha pequena ou mediana empresa en función da súa forma xurídica.
CA3.7 Identificáronse as vías de asesoramento e xestión administrativa externas á hora de pór en marcha unha pequena ou mediana empresa.
CA3.9 Incluíuse no plan de empresa información relativa á elección da forma xurídica, os trámites administrativos, as axudas e as subvencións.

4.6.e) Contidos

Contidos
A persoa empresaria. Requisitos para o exercicio da actividade empresarial. Formas xurídicas das empresas. Responsabilidade legal do empresario. Proceso administrativo de constitución e posta en marcha dunha empresa. Vías de asesoramento para a elaboración dun proxecto empresarial e para a posta en marcha da empresa. Coidado na elaboración da documentación administrativo-financeira.

4.7.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
7	A Contabilidade de empresa.	9

4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Realiza actividades de xestión administrativa e financeira básica dunha pequena ou mediana empresa, identifica as principais obrigas contables e fiscais, e formaliza a documentación.	NO

4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Analizáronse os conceptos básicos de contabilidade, así como as técnicas de rexistro da información contable: activo, pasivo, patrimonio neto, ingresos, gastos e contas anuais.
CA4.2 Describíronse as técnicas básicas de análise da información contable, en especial no referente ao equilibrio da estrutura financeira e á solvencia, á liquidez e á rendibilidade da empresa.
CA4.5 Elaborouse o plan financeiro e analizouse a viabilidade económica e financeira do proxecto empresarial.

4.7.e) Contidos

Contidos
Concepto e nocións básicas de contabilidade: activo, pasivo, patrimonio neto, ingresos, gastos e contas anuais. Análise da información contable: equilibrio da estrutura financeira e ratios financeiras de solvencia, liquidez e rendibilidade da empresa. Plan financeiro: estudo da viabilidade económica e financeira.

4.8.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
8	A Financiación.	6

4.8.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Selecciona a forma xurídica tendo en conta as implicacións legais asociadas e o proceso para a súa constitución e posta en marcha.	NO
RA4 - Realiza actividades de xestión administrativa e financeira básica dunha pequena ou mediana empresa, identifica as principais obrigas contables e fiscais, e formaliza a documentación.	NO

4.8.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.8 Analizáronse as axudas e subvencións para a creación e posta en marcha de empresas de informática e comunicacións tendo en conta a súa localización.
CA3.9 Incluíuse no plan de empresa información relativa á elección da forma xurídica, os trámites administrativos, as axudas e as subvencións.
CA4.5 Elaborouse o plan financeiro e analizouse a viabilidade económica e financeira do proxecto empresarial.

4.8.e) Contidos

Contidos
Axudas e subvencións para a creación dunha empresa de informática e comunicacións. Plan de empresa: elección da forma xurídica, trámites administrativos, e xestión de axudas e subvencións. Análise das necesidades de investimento e das fontes de financiamento dunha pequena e dunha mediana empresa no sector da informática e as comunicacións. Plan financeiro: estudo da viabilidade económica e financeira.

4.9.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
9	O Plan de empresa.	12

4.9.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Desenvolve o seu espírito emprendedor identificando as capacidades asociadas a el e definindo ideas emprendedoras caracterizadas pola innovación e a creatividade.	NO
RA2 - Decide a oportunidade de creación dunha pequena empresa para o desenvolvemento da idea emprendedora, tras a análise da relación entre a empresa e o seu ámbito, do proceso produtivo, da organización dos recursos humanos e dos valores culturais e éticos.	NO
RA3 - Selecciona a forma xurídica tendo en conta as implicacións legais asociadas e o proceso para a súa constitución e posta en marcha.	NO
RA4 - Realiza actividades de xestión administrativa e financeira básica dunha pequena ou mediana empresa, identifica as principais obrigas contables e fiscais, e formaliza a documentación.	SI

4.9.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.8 Analizouse a estrutura dun proxecto empresarial e valorouse a súa importancia como paso previo á creación dunha pequena empresa.
CA2.12 Elaborouse un plan de empresa que inclúa a idea de negocio, a localización, a organización do proceso produtivo e dos recursos necesarios, a responsabilidade social e o plan de márketing.
CA3.9 Incluíuse no plan de empresa información relativa á elección da forma xurídica, os trámites administrativos, as axudas e as subvencións.
CA4.1 Analizáronse os conceptos básicos de contabilidade, así como as técnicas de rexistro da información contable: activo, pasivo, patrimonio neto, ingresos, gastos e contas anuais.
CA4.2 Describíronse as técnicas básicas de análise da información contable, en especial no referente ao equilibrio da estrutura financeira e á solvencia, á liquidez e á rendibilidade da empresa.
CA4.3 Definíronse as obrigas fiscais (declaración censual, IAE, liquidacións trimestrais, resumes anuais, etc.) dunha pequena e dunha mediana empresa relacionadas coa informática e as comunicacións, e diferenciáronse os tipos de impostos no calendario fiscal (I
CA4.4 Formalizouse con corrección, mediante procesos informáticos, a documentación básica de carácter comercial e contable (notas de pedido, albarás, facturas, recibos, cheques, obrigas de pagamento e letras de cambio) para unha pequena e unha mediana empresa d
CA4.5 Elaborouse o plan financeiro e analizouse a viabilidade económica e financeira do proxecto empresarial.

4.9.e) Contidos

Contidos
Proxecto empresarial: importancia e utilidade, estrutura e aplicación no ámbito da informática e as comunicacións.
Descrición dos elementos e estratexias do plan de produción e do plan de márketing.
Plan de empresa: elección da forma xurídica, trámites administrativos, e xestión de axudas e subvencións.
Análise das necesidades de investimento e das fontes de financiamento dunha pequena e dunha mediana empresa no sector da informática e as comunicacións.
Concepto e nocións básicas de contabilidade: activo, pasivo, patrimonio neto, ingresos, gastos e contas anuais.
Análise da información contable: equilibrio da estrutura financeira e ratios financeiras de solvencia, liquidez e rendibilidade da empresa.
Plan financeiro: estudo da viabilidade económica e financeira.
Obrigas fiscais dunha pequena e dunha mediana empresa.
Coidado na elaboración da documentación administrativo-financeira.

5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

AVALIACIÓN DO ALUMNADO:

A). Avaliación inicial:
Mediante un cuestionario a fin de coñecer as características, capacidade e formación previa do grupo-clase. A información obtida complementarase coa facilitada polo titor/a respecto do curso anterior (por ser alumnos de 2º curso do ciclo).

B). Avaliación continua:
Se aplica aos alumnos con asistencia regular ás clases (as faltas de asistencia -xustificadas ou non- non excederán o 10% das horas lectivas do módulo EIE) que deberán participar de forma satisfactoria en tódolos proxectos a realizar.
Cara a comprobar o grao de consecución dos obxectivos, competencias, cualificaciones profesionais, actitudes, aptitudes, desenvolvimento de capacidades, habilidades, traballo en equipo, resultados de aprendizaxe, etc.; Por tanto serán obxecto de avaliación e cualificación todas as actividades desenvolvidas polos alumnos perante o proceso de aprendizaxe: tarefas na aula-taller, individuais e en pequeno grupo, así como a actitude de respeto polos outros e o bo facer nos traballos colectivos. Os resultados das actividades propostas deberán ser entregados en prazo e no formato requerido.
Cada grupo de traballo terá unha carpeta que conteña:
-O Proxecto empresarial desenvolvido (nas diferentes fases) e que será obxecto de exposición oral unha vez rematado.
-Os anexos coa información empregada e os traballos complementarios realizados para dar resposta e levar a cabo cada unha das fases do mesmo.
O profesor avaliará:
- Cada unidade da simulación empresarial dos diferentes grupos e os proxectos.
- As actividades individuais sobre cuestións específicas das distintas unidades didácticas.
- As probas escritas realizadas polos alumnos de cada unhas das unidades do módulo.
Por tanto a avaliación formativa basearase nos seguintes aspectos:
- Asistencia a clase.
- Actitude e aptitude do alumno/a: aprendizaxe, cooperación e capacidade de traballo en grupo, capacidade de comunicar nas exposicións orais, .. etc.
- Traballo diario: mediante a observación directa, diferentes rexistros (caderno do profesor, diarios de aula,..) da marcha do proceso no referente a participación nos debates, claridade e interés da mesma, participación no traballo do grupo, etc.
- Elaboración do proxecto: o profesor rexistrará o traballo do grupo ao remate de cada fase, valorando a cantidade de traballo segundo o obxectivo da fase e a evolución de cada alumno. Se valorará asimesmo a calidade do traballo e a correcta presentación do mesmo.
- Cuestionario individual: sobre as actividades realizadas para evaluar os coñecimentos e comprensión adquiridos nas mesmas. Cando se realice máis dunha proba escrita por avaliación, deberá obter unha cualificación de 5 en cada unha.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

O 90 % da cualificación final obterase das fases realizadas do proxecto empresarial, as actividades e as probas escritas de cada unidade:
º Nota dos traballos e actividades: 60%.
º Probas e exames individuais realizados: 40%.

A superación de cada unha das unidades didácticas supón a obtención dunha nota maior ou igual que cinco en cada unha das anteriores.

O 10% restante virá dado por:

º Asistencia, comportamento: 5%.

º Actitude persoal de disposición ante o traballo (rigor, interese, responsabilidade,..): 5%.

As puntuacións decimais obtidas tanto na avaliación parcial como na final redondearánse por exceso (si 0,5 ou maior) ou por defecto (si menor de 0,5).

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Dado que a materia é continua máis diferente en cada avaliación poderá ser recuperada na avaliación seguinte:

- Mellorando a fase do proxecto empresarial cualificado con nota inferior a 5: correxindo as decisións erróneas, as deficiencias observadas e realizando as modificacións pertinentes.
- Incorporando actividades específicas no caso de non ter acadados os obxectivos mínimos.
- Realizando unha nova proba de coñecimentos.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Ó final de curso, se o alumno non alcanza as capacidades terminais programadas ou perde o dereito á avaliación continua por acumulación de faltas de asistencia deberá facer unha evaluación extraordinaria, na que deberá presentar os traballos e cuestionarios que se lle encarguen e realizar unha proba escrita:

º Deberá solicitar ao profesor a lista de traballos propostos e exercicios a desenvolver.
º Presentar os traballos propostos e a solución dos exercicios prácticos formulados, nos prazos fixados (a cualificacion destes suporá o 20 % da nota final).
º Realizar unha proba individual (teórica e práctica), establecida previamente nunha data anterior a avaliación final do mes de xuño (a cualificación da mesma suporá o 80% da nota final).
º Superará o módulo o alumnado que obteña unha valoración positiva nos apartados precedentes (traballos e proba individual). Quen non se presente a devandita proba de avaliación final extraordinaria, cualificarase cun 1.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Seguimento da programación.- A continuación inclúense os parámetros de valoración da programación:
Entregan en prazo
Obxectivos
Competencias terminais
Contidos
Contidos mínimos
Metodoloxía
Recuperación pendentes
Recursos didácticos
Criterios de avaliación
Actividades de recuperación
Avaliación extraordinaria
Actividades extraescolares
Aspectos transversais
Atención á diversidade
Fomento TICs
Proba coñecementos previos

Ademais destes parámetros xerais, nas reunións de Departamento irase facendo unha avaliación, seguimento e control do programado.

Avaliación da propia práctica docente.-
Mediante a realización periódica de enquisas ó alumnado (ao finalizar cada avaliación) que permitan detectar os puntos fortes e os aspectos a mellorar do proceso, posibilitando así a súa modificación e mellora.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

A primeira das actividades coas que iniciaremo-lo curso será a avaliación inicial mediante unha enquisa estruturada para avalia-los coñecementos, ideas previas e expectativas dos alumnos respecto do módulo e o ciclo (segundo o art. 5º da orde 30 de xullo de 2007).
Unha vez feita e avaliada a enquisa do presente curso, non existen alumnos con necesidades educativas de atención específica.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Prevense medidas de profundización deseñadas para aqueles alumnos e alumnas que alcanzan os obxectivos marcados e que, por intereses, capacidades ou motivación, poden alcanzar outros obxectivos. Debemos ter en conta que os intereses e as motivacións poden ser parciais, e decir que se refiren a aspectos concretos do currículo e non a todo o módulo.

Tamén se implantarán medidas de reforzo para aquel alumnado que non alcancen os obxectivos programados en cada avaliación. Estas medidas consistirán en actividades de reforzo e consolidación sobre os contidos das unidades didácticas.

A profesora entregaría ao/s alumno/s a listaxe cos enunciados das actividades complementarias que permitan acadar os obxectivos programados.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

A atención ás capacidades cognitivas ou intelectuais dos alumno/as complementarase coa atención ás capacidades afectivas, motrices e de relación interpersoal e de inserción e actuación social, para acadar o obxectivo último da Educación: o desenvolvemento integral do alumno.
Os obxectivos deste módulo EIE propician o tratamento dos seguintes temas transversáis:

Educación moral e cívica (nas UDs 1,2,5 e 9).
Educación para a paz (nas UDs 1 e 9).
Educación para a igualdade de oportunidades entre os sexos (na totalidade das UDs e a diario no desenvolvimento da actividade académica).
Educación ambiental (nas UDs 2,3,6 e 9).
Educación do consumidor (UD 10).

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Organizaranse en conxunto con institucións e organizacións externas distintas actividades complementarias sobre todo en materia de autoemprego e de inserción laboral, co fin de complementar os contidos teóricos abordados na aula.